

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 13/03/2017 08:51:47

SAÍDA 2837 / RX 420604

**DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL**Edifícios Administrativos San Caetano, s/n
15.704 Santiago de Compostela

ASUNTO: REMISIÓN DA DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO, EN DATA 17 DE FEBREIRO DE 2017, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TRIABÁ, NO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE: 2011/0253).

En relación ó asunto de referencia, achégolle unha (1) copia compulsada da antedita resolución.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO, EN DATA 17 DE FEBREIRO DE 2017, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE TRIABÁ, NO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE: 2011/0253)

De conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

O Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, establece que os proxectos públicos e privados incluídos no anexo I, deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental.

O proxecto relativo á concentración parcelaria de Triabá, no Concello de Castro de Rei (Lugo), é colindante co LIC Parga-Ladra-Támoga polo que o proxecto está incluído no grupo 9, apartado e, epígrafe 9, do Anexo 1 do Real Decreto lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, no que se contemplan os proxectos de concentración parcelaria que se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE, do Consello, de 2 de abril de 1979 e 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, ou en humidaís incluídos na lista do convenio Ramsar

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO E OS ELEMENTOS AMBIENTAIS DO CONTORNO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor e órgano substantivo é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

1.2. Obxecto do proxecto. Descrición e localización.

O obxecto do proxecto é levar a cabo o proceso de concentración parcelaria sobre unha superficie total de 1.163 ha, na parroquia de San Pedro de Triabá no Concello de Castro de Rei, Provincia de Lugo.

1.2.1. Descrición do proxecto

O proceso de concentración parcelaria consta de tres partes ben diferenciadas (Plan de Concentración, Plan de Obras e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de xeitos moi diferentes e en distinto grao, aínda que todos eles se atopan intimamente ligados.

A continuación preséntanse, en forma de cadro, as diferentes etapas de cada un dos proxectos de concentración

		ESTUDIOS PREVIOS	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DILIXENCIA: Para facer constar e presente fotocopia e reprodución fiel a exacta do seu original	Plan de Concentración	Levantamento topográfico	Replanteo de fincas de substitución	Posta en explotación das fincas de substitución
		Bases Provisionais		
		Bases Definitivas		

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

	Proxecto de concentración			
	Acordo de Concentración			
	Plan de Obras	Proxecto de Rede de Camiños	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
	Plan de Acondicionamento de Fincas	Proxecto de Acondicionamento de Fincas	Execución das obras de acondicionamento de fincas	

As actuacións que supoñen un maior risco ambiental son a construción da rede viaria, a execución das obras de acondicionamento de fincas e a posta en explotación das fincas de substitución.

1.2.2.- Localización do proxecto

A concentración parcelaria obxecto do Estudo de Impacto Ambiental (EIA en adiante) localízase na parroquia de San Pedro de Triabá, pertencente ao municipio de Castro de Rei, que se sitúa xeograficamente na meseta lucense, na parte central da provincia de Lugo, pertencendo á comarca da Terra Chá.

Os límites administrativos e xeográficos da zona de concentración son:

- **Norte:** Parroquias de San Pedro de Momán e Santa María de Xermar do municipio de Cospeito.
- **Sur:** Parroquias de Ribeiras de Lea e Santiago de Duarria do municipio de Castro de Rei.
- **Leste:** Santiago de Xustás do municipio de Cospeito
- **Oeste:** Parroquia de Santa María de Xermar do municipio de Cospeito e San Xiao de Mos do municipio de Castro de Rei.

1.3- Principais elementos ambientais do contorno

Clima: O clima do municipio de Castro de Rei pódese definir como clima oceánico con características de clima continental, sendo esta a clasificación que define o clima da comarca de Terra Chá. O tipo climático, segundo Papadakis, na área de estudo é *Mediterráneo-Morno-Fresco*. O réxime térmico é *Temperado Cálido (TE)* e o réxime de humidade *Mediterráneo Húmido (ME)*.

Xeomorfoloxía: A parroquia de San Pedro de Triabá está situada na área oriental da comarca de Terra Chá, que se caracteriza por ser unha zona deprimida con amplos e suaves niveis de aplanamento e dominada por serras. As unidades xeomorfolóxicas que se diferencian no relevo de Castro de Rei son as superficies aplanadas, as depresións tectónicas e os vales fluviais.

Xeoloxía: O municipio de Castro de Rei está asentado sobre un val tectónico formado por lousas paleozoicas nas que afloran pequenas incrustacións de granito cubertas con depósitos terciarios e cuaternarios. A parroquia de Triabá atópase situada sobre os depósitos aluviais e fondos de val en practicamente toda a superficie. A litoloxía de toda a superficie da parroquia está formada por sedimentos correspondentes aos mencionados depósitos aluviais.



Edafoloxía: Os tipos de solos que predominan no municipio de Castro de Rei son fundamentalmente dous: Ranker Pardo e Cambisol Gleico. Na zona de concentración parcelaria as clases agrolóxicas distribúense do seguinte xeito: case o 100% da superficie atópase dentro das catro primeiras clases consideradas aptas para o cultivo, desta o 84% do solo (Clases II e III) permiten unha labra permanente moderada ou limitada, con riscos de erosión, de profundidade e fertilidade media

Hidroloxía: A rede hidrolóxica dentro da parroquia de Triabá caracterízase por un complexo armazón fluvial onde destaca o río Miño, que ao bifurcarse forma unha illa co río Vello. Ao norte discorre o río Anllo asociado a un complexo húmido denominado Vaxunga de Xermar, bosques pantanosos e outros de inundación estacional.

As canles afectadas pola concentración son:

- Río Miño.
- Río Anllo.
- Rego do Chaos.
- Rego de Feitosa ou dos Pasos.
- Catro regos innominados.

Vexetación: O inventario de flora contén 187 especies de plantas vasculares identificadas na área de estudo durante o estudo inicial de flora, fauna e hábitats naturais. As seguintes especies están incluídas nalguna categoría de protección ou interese conservacionista: *Ilex aquifolium*, *Árnica montana*, *Luronium natans*, *Narcissus pseudonarcissus*, *Dactelorrhiza maculata*, *Platanthera bifolia*, *Serapias lingua* e *Serapias cordigera*.

Fauna: en relación as aves, na área de estudo atopáronse 95 especies, das que 13 están incluídas no Libro Vermello das Aves de España ou no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. O inventario de mamíferos conta con 35 especies que habitan a área de estudo, cabe destacar o rato amisqueiro, o armiño, tourón, londra e rata de auga, e o grupo dos quirópteros ou morcegos. En canto os anfibios, existe unha riqueza específica evidente pois na zona de estudo atópanse 12 especies das 14 que habitan Galicia. Entre as especies máis relevantes, están *Hyla arborea* e a endémica *Rana iberica*, consideradas "vulnerables" no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (2007). Especies como *Rana temporaria*, "Vulnerable" no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (2007). Os invertebrados que se detectaron na área de estudo corresponden con Phylum MOLLUSCA, Phylum ARTHROPODA, e as Ordes Thesaurura, Orthoptera, Dictyoptera, Hemiptera, Lepidoptera, Hymenoptera, Coleoptera, Araneae.

Asemade, nos cursos de auga da zona destaca *Margaritifera margaritifera*, especie considerada "En Perigo de Extinción" no "Catálogo Galego de Especies Ameazadas" (2007), e incluída no Anexo II da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), o Convenio de Berna III, e considerada en perigo de extinción en España.

Nas áreas boscosas de Triabá cabe destacar a presenza do cervo volante ou “vacaloura” (*Lucanus cervus*). E unha especie amparada polo Anexo II da Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE), o Convenio de Berna III e o CITES.

Hábitats de especies terrestres e acuáticas: Os hábitats existentes na zona de estudo e catalogados pola directiva 92/43/CEE son: Hábitats de auga doce, Breixeiras e matos de zona temperada e Formacións herbosas naturais e seminaturais.

Patrimonio Cultural: Na zona de concentración parcelaría atópanse os seguintes elementos:

Patrimonio histórico – artístico

1. SPT/10-07 “Acea de Pereira”.
2. SPT/10-17 e SPT/10-18 “Hórreo e Casa de Manel de Claudio de Campo”.
3. SPT/10-29, SPT/10-30 e SPT/10-31 “Hórreo, Casa e Palleira de Formigueiro”.
4. SPT/10-36 “Igrexa parroquial de San Pedro, Triabá”.
5. SPT/10-38 “Cruceiro de Monte”, SPT/10-39 “Muíño do Rulete de Cabana”.
6. SPT/10-53 “Cruceiro de Torre”, SPT/10-54 “Casa con escudo de Torre”.

Depósitos arqueolóxicos:


1. SPT/10-A1/GA27010019 “Casa do Galo de Costa”.
2. SPT/10-A2 “Túmulo 1 de Granda”.
3. SPT/10-A3 “Túmulo 2 de Granda”.
4. SPT/10-A4 “Túmulo 3 de Granda”.
5. SPT/10-A5/GA27010039 “A Torre-Torre de Seivane”.

2.- TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1- Resumo de tramitación

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural iniciou o proceso de concentración parcelaria da parroquia de San Pedro de Triabá no Concello de Castro de Rei (Lugo) a raíz da solicitude presentada polos veciños de dita parroquia.

O proxecto atópase contemplado no anexo I, do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, polo tanto é co obxecto de dar cumprimento ao artigo 17.2 do antedito Real Decreto Lexislativo 1/2008, consultáronse os seguintes organismos e asociacións:


Santiago, 07 MAR. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X	
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe	X	
Organismo de Cunca (Confederación Hidrográfica do Miño - Sil)	X	
Concello de Castro de Rei		X
Federación Ecoloxista Galega (FEG)		X
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública	X	
Dirección Xeral de Montes (Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes)	X	
Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)		X
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X	

Finalizado o período de consultas, con data 7 de decembro de 2012 unha vez analizada a documentación do proxecto, as respostas recibidas e atendendo aos criterios do anexo I do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, determinouse preciso sometelo ao trámite de avaliación de impacto ambiental, establecéndose a amplitude e nivel de detalle do Estudo de Impacto Ambiental (EIA) a elaborar polo promotor que lle foi notificado á unidade tramitadora, xunto coas copias das respostas dos organismos.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data de 27 de abril de 2012 publicase no DOG (nº 81) a Resolución do 04 de abril de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Triabá (Castro de Rei - Lugo). Así mesmo, a dita dirección xeral efectuou o trámite de consultas sobre o estudo de impacto ambiental.

Con data de 24 de agosto de 2015 ten entrada na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o expediente ambiental, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, como órgano substantivo por razón de materia.

2.2- Análise do expediente

O dito expediente contén, entre outra documentación, copia do anuncio de información pública e o certificado de exposición pública da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias no que se deixa constancia de que non foron presentadas alegacións no período de información pública, copia das solicitudes de informe e copia dos informes emitidos polos distintos organismos consultados, sendo a relación dos informes recibidos a seguinte:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO
Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes	X
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	X
Concello de Castro de Rei	-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente é unha copia fiel e exacta do seu orixinal

Quando aos informes, pódese indicar o seguinte:

Santiago, 07 MAR. 2011
- A Dirección Xeral de ordenación e Produción Forestal, informa que a zona de actuación non afecta a

Asdo.: José Manuel Mirás Pullón
DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

ningún monte veciñal en man común nin de xestión pública.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, indica que se trata dun estudo de impacto ambiental efectuado sen ter concretadas as actuacións a acometer. Expoñen a necesidade de considerar as observacións feitas no informe, consideran pertinente a adopción dunha serie de propostas e medidas, as cales se recollen ao longo do punto 3 desta DIA

- O Instituto de Estudos do Territorio Considera que o Estudo de impacto e integración paisaxística axustase aos contidos establecidos ao artigo 11.2 da lei 7/2008, do 7 de xullo de protección da paisaxe de Galicia. Recomendán ter especial coidado na aplicación das medidas preventivas, correctoras e de integración paisaxística que se sinalan na documentación achegada.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa que o Estudo de avaliación de impacto ambiental non avalía o impacto que as obras da rede de camiños proposta ocasionarían sobre o patrimonio cultural, se recolle nos puntos 3.1.1.1, 3.1.1.2, 3.5 e 3.8.1.1 da DIA

- Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, informa de xeito favorable o estudo de impacto ambiental da zona de concentración parcelaria condicionado ao cumprimento dos condicionantes reflectidos no seu informe e que se recollen no punto 3.2. da DIA.

3.- CONDICIÓN AMBIENTAIS

Efectuada a análise do expediente, a presente declaración refírese en exclusiva ao proxecto de desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria da zona de Triabá, no Concello de Castro de Rei, Provincia de Lugo.

Para todo o contido desta declaración entenderase por:

○ Fase de formulación. A realización dos seguintes documentos:

- Respecto da distribución das parcelas: o Proxecto e o Acorde de concentración parcelaria.
- Respecto da execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e Outros Proxectos de Obras Complementarias (se os houbese).

○ Fase de Execución:

- Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
- Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
- Construción de obras complementarias.



Santiago,

07 MAR. 2017

Declaración do acordo: toma de posesión das novas fincas.

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



- Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
- Uso das obras complementarias

A zona de estudo está delimitada e definida no Plano nº 1 "Situación e Localización" do "Estudo de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Triabá (Castro de Rei-Lugo). Marzo 2012".

3.1.-PROTECCIÓN DO SOLO.

3.1.1.-Fase de formulación

3.1.1.1. *Movimentos de terras.*

Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, tanto se é para reempregar posteriormente como se é para o seu depósito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan na contorna ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados na contorna. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudo ambiental, nin nas sinaladas polos informes sectoriais:

- ZEC "Parga-Ladra-Támoga".
- Humidal "Vaxunga de Xemar", recollido no Inventario Galego de Humidais.
- Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 91E0* e denominado Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.
- Hábitat de Interese Comunitario e Carácter Prioritario codificado como 4020* e denominado Breixeiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Hábitat de Interese Comunitario de código 3260, denominado Ríos dos pisos de chaira a montano con vexetación de *Ranunculus fluitantis* e de *Callitriche-Batrachion*.
- Hábitats de Interese Comunitario codificados como 4030 e 4090, denominados respectivamente como Uceiras secas europeas e Uceiras oromediterráneas endémicas con xestas.
- Hábitats de Interese Comunitario codificados como 8220, denominado Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmófitica.
- Hábitat de Interese Comunitario codificado como 9230 e denominado Carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago,

07 MAR. 2011

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

- Hábitat de Interese Comunitario codificado como 3150 e denominado Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Hábitat de Interese Comunitario codificado como 3110 e denominado Vexetación anfibia vivaz de augas oligotróficas.
- Hábitat de Interese Comunitario codificado como 3160 e denominado Lagos e estanques distróficos naturais.
- Hábitat de Interese Comunitario codificado como 3170 e denominado Estanques temporais mediterráneos.
- Hábitat de Interese Comunitario codificado como 5110 e denominado Formacións estables xerotermófilas de *Buxus sempervirens* en pendentes rochosas (*Berberidion p.p.*).
- Elementos do Patrimonio Cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección.

Neste marco cabe recomendar que a proposta definitiva da rede de camiños debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso aos predios de substitución e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.

Se houbese sobrantes procedentes de movementos de terras, previo ao seu depósito nos lugares seleccionados, deberase contar cos correspondentes permisos. En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobrantes de terra.


Definiranse as zonas dedicadas á maquinaria e casetas de obra. Estarán debidamente balizadas e illadas do resto de vexetación con gabias ou trampas que eviten as perdas ou verteduras ao resto do lugar a tratar. Unha vez finalizada a súa utilización, estas zonas deberán ser debidamente recuperadas e revexetadas con vexetación autóctona.

3.1.1.2. Rede de camiños.

O proxecto presentado non inclúe proposta de rede de camiños, polo que esta proposta basearase nos condicionantes que a continuación se citan:

- No trazado dos camiños de concentración parcelaria aproveitaranse ao máximo os xa existentes, conservando na medida do posible a maior parte dos elementos asociados (vexetación arbórea ou valados de pedra). Evitaranse os rectilíneos e tenderase a seguir as curvas de nivel do terreo, evitando cambios bruscos de pendente, tamén se evitarán as conexións ortogonais (que producen un efecto cuadrícula).
- Os viais que se deseñen terán moi presente a fisiografía, hidrografía, biocenose e paisaxe, axustándose de maneira que non interfira nos procesos naturais (corredores ecolóxicos, hidroloxía,...) e nos preceptuais, inherentes ao cumprimento dos anteriores.

- Deberán axustarse á topografía do terreo para minimizar o movemento de terras, ademais procederase a delimitar fisicamente o trazado dos mesmos con anterioridade á execución para evitar maiores intrusións.



Santiago,

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



- O modelado dos noiros e o trazado dos viais, evitará formas demasiado artificiais procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, integrándose co natural e por extensión ca paisaxe.
- Adoptaranse as medidas precisas para evitar posibles desprendementos e erosións que contaminen as augas, fundamentalmente en zonas con moita pendente, medidas que se tomarán tanto para a fase de acondicionamento e execución como para a de uso.
- Os hábitats naturais prioritarios deberán preservarse integramente, adoptando as medidas precisas para evitar calquera deterioro directo ou indirecto sobre os mesmos.
- Procurarase evitar toda afección sobre os ámbitos incluídos na devandita ZEC, sobre as representación de hábitats de interese comunitario e carácter prioritario do Anexo I da Lei 42/2007 e sobre os elementos de patrimonio cultural reflectidos no punto 3.1.1.1. Así mesmo e, sempre que sexa técnica e economicamente viable, non se afectará ao resto dos elementos sinalados no antedito punto 3.1.1.1.
- Excluirase de toda actuación o ancho da ocupación dos cursos fluviais e das canles, xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira; exceptuando os casos de cruzamento da rede fluvial. Neste caso, os estribos das estruturas de paso situaranse a polo menos 5 m desde a liña de máximas crecidas ordinarias.
- Axustarase o ancho de plataforma a 4 metros e o ancho das cunetas a 0,5 metros nas pistas trazadas sobre pendente ou a media ladeira. Estas dimensións son suficientes para a xestión dos montes e reducen considerablemente a afección, os volumes de desmonte e, en consecuencia, os efectos negativos da erosión e os arrastres de solo.
- O desenvolvemento de novos camiños ou a ampliación dos existentes nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, terá carácter excepcional e, en todo caso, requirirá a elaboración dun estudo de detalle do entorno do elemento afectado, considerando dito contorno como as áreas de protección definidas na normativa urbanística vixente no concello e subsidiariamente nas fixadas no artigo 30 das NNSSCC de planeamento.

Neste marco cabe recomendar que a proposta definitiva da rede de camiños debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución e a preservación dos espazos de alto valor ambiental, segundo sinálanse nos planos nº 9, 10 e nº 11 do EsIA.

3.1.2.-Fase de obras

3.1.2.1. Materiais de préstamos e canteiras.

No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, non se abrirán na zona salvo xustificación adecuada. Este material deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novas camiños (para bases, subbases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

Utilizanse os lugares de aproveitamento de materiais e verteduras, precedendo neste último caso, á súa integración no medio.



Santiago,

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado anteriormente, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Deberán efectuarse en lugares previamente sinalizados e proceder á súa integración no medio. Nese caso, sempre que sexa técnica e economicamente viable empregaranse tecnosoles ou solos reciclados, se isto non fose posible, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os solos resultantes deberán ser restaurados ao remate da obra.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a procedente da retirada previa á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas. En calquera caso, deberá ser adecuadamente xestionada para garantir a súa conservación.

No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas... etc) para evitar a proxección de fragmentos de rocha á contorna. En calquera caso, se esta se producise, deberán ser retirados da zona e depositados en emplacements autorizados.

3.1.2.3. Construcións.

Balizaranse as zonas de exclusión e aquelas outras reflectidas nos planos nº 9, 10 e nº 11 do EsIA, co obxecto de minimizar os impactos aos ecosistemas fluviais e teselas de especies de vexetación de interese.

De ser preciso o emprego de formigón, evitárase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

3.2.-PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS.

3.2.1.-Fase de formulación.

Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura, precisará da autorización ou permiso do organismo da bacía competente, neste caso a Confederación hidrográfica do Miño-Sil.

No caso de que esta afección atinxa aos ecosistemas fluviais (como pode ser a afección ocasionada polo exceso de sólidos en suspensión nos frezadeiros ou branquias...) requirirase informe preceptivo da Dirección Xeral de Conservación da Natureza segundo o disposto no artigo 77.3 do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. En calquera caso, a auga da vertedura, no punto de contacto coa masa de auga do sistema fluvial, cumprirá cos parámetros esixidos no Anexo V do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, modificado polo RD 606/2003, do 23 de maio). En todo caso, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE GESTIÓN DO TERRITORIO,
E CRESCENCIA E OCUPIÓN DO ESPAZO
DILIXENCIA: Para fins de fe e exactitude do documento
fotocopia e controlada

Santiago,

07 MAR. 2012

Asdo.: José Manuel Miras Pulido

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



Ademais das proteccións que se derivan das lexislacións de pesca e de augas continentais se lle suma a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

Tanto as bacía como a zona de servidume e a vexetación de ribeira deben permanecer inalteradas co fin de evitar a sedimentación de limos, modificación da temperatura ou a alteración das propiedades fisicoquímicas das augas. Esta mesma condición esténdese a todos os ecosistemas ligados á auga (turbeiras, lagoas, arroios...). Polo tanto, nos documentos de concentración parcelaria deberán incluír, con carácter vinculante, a prohibición expresa de modificación dos usos do solo de todas as zonas ocupadas polas formacións vexetais de ribeira, especialmente cando se trate de representacións de hábitats prioritarios do Anexo I da Lei 42/2007.

Adoptaranse todas as medidas necesarias para a preservación, entre as que se atopan as seguintes:

- Deberase aportar cartografía a escala axeitada e memoria descritiva dos cruzamentos das estruturas propostas cos cursos fluviais, diferenciando as pistas existentes, a asfaltar, en terra e as novas pistas. Respecto disto, atenderase o sinalado no punto 3.1.1.2 desta DIA e, se fose preciso, sinalaranse as medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias a adoptar.
- Os cruzamentos coa rede hídrica faranse de xeito perpendicular. Evitarase a creación de obstáculos ao movemento da fauna acuática e terrestre.
- Deberá de aportarse o emprazamento das zonas auxiliares necesarias para a execución das obras (parque de maquinaria, zona de amoreamentos), así como as medidas correctoras a adoptar nestes espazos; todo elo tendo en conta a necesidade de evitar afeccións sobre os aspectos ambientais mais relevantes segundo foron sinalados no apartado 3.1.1.1.
- En relación á auga que puidera ser necesaria para a execución da obra, recordase que todo uso privativo das augas non incluído no artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, requirirá de concesión administrativa.

O réxime de asolagamento debe de manterse na situación de orixe, de xeito que as obras non provoquen modificacións. Por esa razón deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Nos camiños de nova creación, debe coidarse que a altura final sexa aproximadamente a mesma que a do terreo lindeiro.
- b. Nas zonas inundables, as vías terán un trazado sensiblemente paralelo ás liñas de corrente, non podendo provocar una sobre elevación das augas por riba de 10 cm.
- c. Aproveitarase a rede de drenaxe orixinal; as levadas de auga existentes en determinadas zonas serán conservadas integramente procurando conservar os pasteiros asociados ás mesmas e a vexetación arbórea existente que conforma un hábitat de importancia para moita fauna, en especial anfibios.

- d. As obras de drenaxe transversal das novas pistas deben de garantir que exista a debida permeabilidade entre ambos lados, estimándose suficiente que exista ao menos unha obra de fábrica cada 200 m, independentemente da existencia de bacía



Santiago,

07 MAR. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.

CLAVE: 2011/0253

definida, respectándose en todo caso a capacidade de desaugue das bacías xa definidas.


- e. Hai que evitar que o sistema de drenaxe xere un cambio substancial no réxime hidrolóxico e que non se produzan contaminacións á rede hidrográfica. Non poderá facerse trasvase dunha microbacía a outra.
- f. Deberanse adoptar as medidas de protección oportunas de forma que a erosión sexa anecdótica. Os tramos onde a forza erosiva sexa importante, pola súa elevada pendente, deberán estar deseñados para adaptarse a esta nova situación evitando as erosións e contaminación das augas. Deberase establecer así mesmo, medidas de control oportunas nos puntos de desaugamento dos viais (bueiros). Medidas que pasan pola disposición de dissipadores de enerxía e barreiras de sedimentos, entre outras.

3.2.2.-Fase de obra e explotación.

En todo caso, deberase ter en conta o seguinte:

- Realizaranse unha serie de ensaios en situación preoperacional. Deste xeito marcarase a calidade mínima esixible trala finalización das obras e durante a fase de explotación, na busca duns niveis óptimos de calidade.
- Durante a fase de construción, nas zonas donde se vaian executar estruturas de paso de augas, habilitaranse balsas de decantación co obxecto de reter os arrastres de escurreita. Nos pés dos terrapléns disporase de gabias ou foxos que recollan as augas e as transporten a ditas balsas para o seu tratamento, previo á vertedura á rede fluvial. Actuarase do mesmo xeito nas zonas de entullos de terras sobrantas, vertedoiros ou zonas onde sexa preciso o emprego de formigón ou cemento. Aportarase o emprazamento destas balsas de decantación, descrición do sistema de drenaxe e as coordenadas do punto de vertedura.
- Para o cruzamento de canles utilizaranse, preferiblemente, obras de paso tipo ponte ou pórtico, fronte a pasos tipo marco ou tubo co fin de manter os leitos no seu estado natural e impedir calquera alteración do leito fluvial e os desprazamentos da fauna piscícola nas épocas de estío.
- En caso de que se necesiten pasos temporais para o paso de maquinaria durante as obras, poderanse implantar bados temporais mediante o uso de tubaxes, facéndose de tal xeito que a parte interior da base dos mesmos quede un mínimo de 40 cm. por debaixo do leito fluvial para permitir a existencia dun leito de similares características ás do orixinal.
- En ningún caso as verteduras de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos en suspensión procedentes de instalacións, se farán directamente ao terreo ou aos cursos de auga. Planificaranse medidas para prever estas situacións.

Co obxecto de prever fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. Así mesmo, no modelado dos



Asdo.: José Manuel Miras Puñal
DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



noiros evítaranse as zonas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer a integración da paisaxe.

- No caso das obras de aterramento e achanzamento do chan para a apertura de novos camiños, deberase facer tendo en conta a climatoloxía de xeito que non se produzan arrastres. No caso de realizarse en época estival, deberanse producir regas periódicas que eviten a suspensión de po na atmosfera, impedindo que estas augas cargadas de po disolto non desauguen en curso fluvial ningún. Executaranse para o efecto balsas de decantación ou trampas de area.
- De ser o caso, contemplaranse os sistemas que garantan un axeitado tratamento das augas residuais que se xeren, tendo en conta que deberán ser conservados periodicamente para garantir o seu correcto funcionamento, xestionando os residuos obtidos conforme ao estipulado regulamentariamente.
- Evítarase a acumulación de terras, escombros, material de obra ou calquera outro tipo de materiais ou sustancias nas bacías ou nas zonas de servidume e policía das mesmas, nin interferindo na rede natural de drenaxe. Ditos residuos deberán trasladarse a vertedoiros autorizados.
- Calquera afección que se poida producir sobre os sistemas fluviais e o seu entorno debe ser eliminada, de xeito que se garanta a súa protección e conservación. Evítarase calquera alteración das bacías vertentes, así como a destrución e cambios das ribeiras que afecten ao funcionamento do sistema fluvial, ocasionando a sedimentación de limos nos fondos, a modificación da temperatura ou alteración das propiedades fisicoquímicas das augas. As actuacións precisarán das autorizacións recollidas na lexislación vixente.

3.3.-XESTIÓN DE RESIDUOS.

Todos os residuos xerados nas distintas fases de obra deberán identificarse mediante a súa clasificación, orixe e destino.

Serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte a vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso, deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases, ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos que, de ser o caso, deberán contar coa preceptiva autorización. Sempre que sexa posible estudarase a opción de compostar estes restos. No caso de que sexa depositada sobre o terreo procederase á súa trituración, espaxamento homoxéneo e incorporación aos solos mediante pase de grada ou fresa, diminuíndo así o risco de incendios forestais e evitando a aparición de pragas ou enfermidades.

Evítarase calquera actuación que leve asociada a vertedura accidental de sustancias contaminantes na zona de concentración ou na súa contorna.



Santiago,

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

3.4.-PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E ESPAZOS PROTEXIDOS

3.4.1.-Fase de formulación

3.4.1.1.-Áreas con valores naturais.


Segundo sinala o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, deberanse de incorporar as seguintes superficies como zonas de exclusión da concentración parcelaria:

- A ZEC "Ladra-Parga-Támoga".
- Zona comprendida entre a marxe dereita do río Anllo e o límite municipal onde se conservan boas formacións de bosques aluviais (91E0*).

Os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1.1.1 da DIA serán obxecto de especial atención, no tocante á súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental. Estes deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

Adoptaranse as seguintes medidas:

- Para a conservación das zonas de interese, ademais da adxudicación ao mesmo propietario ou a creación de subprímetros, propóranse as seguintes medidas adicionais:
 - a. Os hábitats naturais prioritarios (neste caso códigos 91E0* e 4020*), deberán preservarse integramente, adoptando as medidas precisas para evitar calquera deterioro directo ou indirecto sobre os mesmos, tendo en conta o disposto no punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
 - b. O aumento de sección previsto sobre as canles de drenaxe, deberá efectuarse de forma que as características hidrolóxicas e hidrodinámicas non se vexan alteradas, de cara a garantir o mantemento dos ecosistemas ligados á auga e a súa dinámica, e os hábitats de interese comunitario que compoñen a orla de vexetación circundante, con importante efecto tampón e reservorio de taxóns de interese.
 - c. Restrinxirase o máximo posible a eliminación da vexetación arbórea autóctona. Deste xeito, procurarase a conservación ao máximo posible daqueles ámbitos que presenten bosques de frondosas caducifolias ben conservados (Hábitats de código 9230 e 92A0). En particular:
 - i. As beiras das canles que atravesan a zona afectada, nas que se protexerá como mínimo unha banda de 10 m de ancho a cada lado do curso desde a liña de máxima crecida.



Santiago,

07 MAR. 2017


Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



verán afectadas polo plan de obras previsto, se ben poderá ordenarse a propiedade sen que isto supoña a tala das masas arbóreas.

- d. Con anterioridade ao inicio das obras será conveniente facer unha prospección que detecte a presenza de taxons e hábitats protexidos pola lexislación vixente, adoptando as medidas precisas para a súa preservación. É especialmente indicado para a detección de especies que se inclúan no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, como é o caso de *Eryngium viviparum*, *Pilularia globulifera*, *Deschampsia setacea*, *Hidrocharis morsus-ranae*, *Isoetes fluitans* y *Lycopodiella inundata*, *Luronium natans*, *Narcissus pseudonarcissus*, *Margaritifera margaritifera*, *Gasterosteus gymnur*, *Hila arborea* e *Rana iberica* e os hábitats anteditos.
- e. De atoparse especies protexidas pola lexislación vixente, deberán ser respectadas sen alterar o seu hábitat e se comunicará o seu achado á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que establecerá as medidas e o seguimento preciso. Será fundamental a planificación dos traballos, considerando as épocas de cría e nidificación das mesmas.
- f. Evitarase a arrinca, recollida, corta e desenraizamento do acivro, incluídas as súas sementes; en cumprimento da Orde do 10 de decembro de 1984, sobre protección do acivro (*Ilex aquifolium*, L.) no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se procederá á protección das carballeiras con presenza desta especie.
- g. Terase en conta tamén, a presenza de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do concello e do órgano competente da administración autonómica. Esta afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona, de non ser así, estarase ao establecido no apartado 3.7.2.3 desta DIA.
- h. Incorporaranse ao deseño das novas parcelas as sebes, lindeiros arborados e valados presentes na zona.
- i. Ademais do comentado anteriormente, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar o máximo posible, os ecosistemas ligados á auga (turbeiras, lagoas, regos...), os corredores ecolóxicos, ecotonos e outros hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural ou paisaxístico (vexetación de ribeira, sebes, valados de pedra, bancais, corredoiras, aliñacións de árbores, árbores illadas de interese, etc...), as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estaren contempladas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no EsIA.
- j. Respecto aos elementos citados no apartado anterior, o promotor localizará aqueles de maior valor ambiental e paisaxístico co obxecto de respectalos, incluíndoos na representación cartográfica pertinente dos proxectos de desenvolvemento do proceso de concentración. Asemade, propondrá outros novos para compensar os que inevitablemente teñan que desaparecer.



Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

Todo isto, amortecería o impacto visual producido pola concentración e a potencial perda de biodiversidade debido á aparición de monocultivos e a vez, conservaríanse, salpicadas pola zona, as manchas de vexetación arbórea e arbustiva autóctona antes citada.

3.4.1.2.- Terreos forestais.

A reordenación da propiedade rústica en zonas forestais incluírá o deseño e posterior execución de infraestruturas e medidas preventivas mínimas fronte aos incendios forestais segundo o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Fomentarase a creación de Sociedades de Fomento Forestal nestas áreas.

Será preciso solicitar o cambio de uso dos terreos, así como o permiso de corta dos pés de frondosas existentes.

3.4.1.3.- Paso de animais.

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ó foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en ramplas de subida, facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos ou deixar canles de drenaxe que permitan a fuga de pequenos animais.

3.4.2.-Fase de obras e explotación.

3.4.2.1.-Xestión e protección das áreas con valores naturais.

Recuperaranse as zonas abandonadas para o cultivo, eliminando o mato e recuperando os antigos viais, evitando a proxección dos novos a través de masas arboradas de frondosas autóctonas, incluíndose as áreas de influencia fluvial.

Previamente ás labores de roza de mato e formacións herbáceas, verificarase a ausencia de especies de interese nos ámbitos implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para evitar afeccións sobre as mesmas. En especial, atenderase ás especies vulnerables e en perigo de extinción que existen, segundo a información recollida no Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade (SITEB), ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

Dado que unha fracción importante da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, teranse en conta, nestes ámbitos, as seguintes medidas:

- En relación coa preservación do arboredo, estarase ao indicado no estudo de impacto ambiental e o establecido nesta DIA. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación, evitando o uso do lume e fitocidas nestes labores. Non obstante, para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira, estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación e ao indicado na presente.



Santiago,

07 MAR. 2017

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



- A eliminación de vexetación reducirase ao minimamente imprescindible, respectando todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. En todo caso e con anterioridade a unha corta estritamente precisa, terá que realizarse a correspondente comunicación ou solicitude de autorización, conforme ao disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.
- De levarse a cabo repoboacións en zonas forestais como traballos complementarios á concentración parcelaria, estas axustaranse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, debendo contar co informe favorable da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Nelas, evitárase a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e devasas para impedir unha doada propagación de incendios forestais. Non se farán plantacións de eucalipto e piñeiros nas zonas indicadas no punto 3.1.1.1, nas bandas de protección dos cursos fluviais nin en zonas con pendente superiores ao 40%.

3.4.2.2. Presenza de Fauna.

Previamente aos labores de corta de arboredo ou roza de mato e formacións herbáceas, verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos ámbitos implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, atenderase ás especies vulnerables e en perigo de extinción que existen segundo a información recollida no Sistema de Información Territorial e de Biodiversidade (SITEB) e que aniñan tanto nas árbores como no chan, ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación, como por exemplo: *Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Anas crecca*, *Gallinago gallinago*, *Tetrax tetrax*, *Burhinus oediconemus*, *Numenius arquata*, *Vanellus vanellus* e *Scolopax rusticola*.

No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que as aves poidan finalizar con éxito o período reprodutor, establecendo un perímetro de seguridade de 500 metros onde se limitarán o máximo posible as actuacións e o tráfico de maquinaria para garantir a tranquilidade das aves.

3.5.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

En relación coa protección sobre o patrimonio cultural, será preciso a aplicación das medidas protectoras e correctoras sinaladas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tendo ademais presente en todo caso, o indicado nos apartados 3.1.1.2. e 3.8.1.1. desta DIA. Polo tanto e segundo informa a devandita Dirección Xeral, deberán terse en contas as seguintes medidas:

- Unha vez executado o Proxecto de camiños deberase de remitir á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para o seu informe e avaliación do impacto dos mesmos sobre o patrimonio cultural, en base aos resultados dunha prospección arqueolóxica que deberá ser asinada por técnico competente na materia.
- Terase en conta que a realización e ampliación de pistas existentes nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, terá un carácter excepcional e en todo caso requirirá a elaboración dun estudo de detalle do entorno do elemento afectado, considerando este



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO

Santiago

Asinado por Manuel Miras Pulido

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.

CLAVE: 2011/0253

entorno, como áreas de protección definidas pola normativa urbanística vixente no concello, e subsidiariamente polas fixadas no artigo 30 das NNCCSS.

- Non se autorizará a obra proxectada no entorno da Igrexa parroquial de San Pedro de Triabá sen o correspondente proxecto técnico que a defina en detalle.
- No deseño dos Proxectos de Obras, Concentración e Acondicionamento de fincas, procurarase a adopción das medidas oportunas para a conservación, preservación e recuperación dos antigos camiños e corredoiras, valos de pedra, muros de peche tradicionais, etc; que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.
- Deberase garantir o acceso a elementos etnográficos como fontes, lavadoiros, cruceiros, pasais, pozos, muíños, etc, que non sexan de titularidade pública.

3.6.-INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

3.6.1.- Criterios de Integración Paisaxística.

Para dar cumprimento ao artigo 11.11 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no EsIA inclúese un estudo da paisaxe coas especificacións da devandita Lei.


As recomendacións do devandito EIIP serán tidas en conta durante todo o proceso de concentración, co obxectivo de garantir a non existencia de impactos paisaxísticos significativos.

3.6.2.-Proxecto de integración paisaxística.

Para cada un dos proxectos con incidencia paisaxística que desenvolvan o proceso de concentración parcelaria, redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ao mesmo, no que se valoren economicamente e se desenvolvan detalladamente as labores de restauración e integración paisaxística necesarias para maximizar a integración ambiental das actuacións de que se trate en cada caso.

Na elaboración destes proxectos atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- Medidas de integración na fase de formulación:
 - a. Incorporar os elementos significativos como condicionante de proxecto, tales como resaltes do relevo, canles naturais, propoñendo as accións de integración necesarias para non deteriorar a calidade paisaxística.
 - b. Integrar a vexetación e o arboredo preexistente nos termos indicados nas medidas de integración ambiental deste documento e establecer as medidas compensatorias que permitan conservar a textura orixinal dos terreos.



Santiago,


Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



as masas de cultivos e forestais e os que teñan a función de valados de contención e así asegurar a súa conservación.

- d. Manter a paisaxe aberta e natural, e conservar parte da paisaxe agrícola pola súa contribución á variedade da paisaxe e integración nel das obras previstas.
 - e. Na mellora da rede viaria, tal como se propón no proxecto, aproveitarase cando sexa posible o trazado actual dos camiños existentes. Nos novos trazados, intentarase que estes afecten o menos posible á orografía do terreo e á rede hidrográfica.
 - f. Favorecer a integración paisaxística dos novos trazados dos camiños mediante o emprego de materiais da zona, tendo en conta que a cor e a textura destes favoreza a súa integración no fondo escénico, evitando no posible o uso do formigón.
- o Medidas de integración na fase de execución:
- a. Adecuación á pendente natural do terreo, de modo que esta se altere no menor grao posible e se propicie a adecuación á topografía do terreo, tanto na formación do novo parceiro, na execución da mellora rede de camiños e das infraestruturas lineais.
 - b. Respetar os elementos dominantes, fitos e elevacións topográficas, como elementos de referencia, mantendo a súa visibilidade e reforzando a súa presenza como referencias visuais do territorio e a súa función como espazos de desfrute escenográfico.
 - c. A localización das instalacións auxiliares de obra (parque de maquinaria, vestiarios, abasto de materiais) optarase preferentemente por puntos localizados sobre unidades de menor calidade paisaxística, e en lugares onde o impacto visual sexa o menor posible.
 - d. No desenvolvemento das obras, intentar no posible non afectar á superficie con cuberta vexetal, e realizar a recuperación das áreas degradadas e restaurar as áreas de bordo.
 - e. Na construción das pistas de concentración, cubrir os noiros de desmonte e terraplén con terra vexetal provinte da apertura dos novos camiños. Isto ocasionará unha rápida revexetación coas mesmas especies existentes, que ademais de evitar a erosión contribuirán á mimetización co entorno facendo menos visible a actuación nun período moi curto de tempo.
- o Medidas de integración na fase de explotación:
- a. Reorganizar a paisaxe a medio prazo mediante a ordenación de cultivos, e evitar así a aparición de leiras plantadas entre leiras de cultivo.



Santiago,

07 MAR. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

unha leira plantada e o adxudicatario dunha leira de substitución que inclúe a aquela e cuxa intención é plantala de novo.

Asemade e con carácter xeral, tamén deberanse ter en conta as seguintes prescricións:

- Empregaranse especies autóctonas, sempre tendo presentes as circunstancias edafolóxicas, fisiográficas, climatolóxicas e bióticas da zona restaurada para a súa implantación. Procederán da mesma zona ou zonas similares e se terá en conta o disposto na Orde do 17 de marzo de 2005, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que sé aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.
- As especies a empregar deben ser compatibles entre si no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso, os tratamentos oportunos. É dicir, a competencia interespecífica e intraespecífica entre as especies que se implanten, debe posibilitar o éxito da restauración, adaptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos culturais que sexan necesarios.
- No caso de ser necesaria a eliminación dalgúns exemplares de especies arbóreas autóctonas, estas deberán ser replantadas na restauración. De todos modos recomendase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortas ou moi enfermos.
- As especies autóctonas a empregar deben de proceder da mesma zona ou outra similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.
- Estas especies tamén deberán de ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, estación ou localización vai estar definido pola interdependencia e interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición) solo ou substrato (perfil, textura, estrutura, fauna, flora ciclos nutrientes, etc.) e factores bióticos.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.

3.6.3.-Deseño do novo parcelario

No deseño do novo parcelario, ademais de ter en conta no sinalado nos puntos 3.5 e 3.6.1 desta DIA, favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arboradas, valados de pedra, sebes, etc. Para isto, procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución aos citados elementos.

Deberá procurarse que na reorganización das propiedades, as parcelas resultantes da agrupación manteña as características morfolóxicas do parcelario de orixe. E fomentar prácticas agroambientais que favorezan unha agricultura sostible e respectuosa ca medio natural.



Santiago,

07 MAR. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



3.7.-CONDICIONS XERAIS.

3.7.1.-Fase de formulación

3.7.1.1.-Medidas para a redución de impactos.

O deterioro que sufran as infraestruturas viarias, como consecuencia do uso que se efectúe delas durante o ciclo de explotación, deberá ser restaurado. Esta necesidade é aplicable a aqueles elementos dos viarios que repercuten directamente no medio ambiente (procesos erosivos, contaminantes, desprendementos, levantamento de po...).

Consideraranse as limitacións e abrigas das normativas vixentes que se establecen na planificación, execución e posterior xestión e explotación da zona a concentrar, podendo ser incompatibles moitas das propostas do estudo coas leis relativas a ordenación do solo, a normativa de incendios, ordenanzas municipais.

Neste sentido, daráselles información aos propietarios e notificaráselle por escrito á Xunta Local da Zona a abrigo legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas. Tamén se informará da existencia doutras limitacións ou abrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, de prevención e defensa contra os incendios forestais, conservación da superficie agraria e en xeral, calquera outra lexislación que afecte ao uso e aproveitamento da terra.


Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como pode ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Por outra banda, terase en conta o seguinte:

- Durante as fases de replanteo e execución deberánse efectuar os controis oportunos para garantir que non se produzan impactos imprevistos. No momento en que se detecten tomaranse as medidas oportunas para evitalo, comunicándoo ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza, xunto coas medidas previstas a adoitar. En todo caso, paralizaranse aquelas obras susceptibles de producir a devandita afección, en tanto o organismo competente non se pronuncie.
- Adoptaranse as medidas necesarias para evitar posibles desprendementos nas zonas de fortes pendentes, nas fases de acondicionamento, execución e explotación.
- Deberán asfaltarse as pistas con maior tránsito, de xeito que se evite a afección á vexetación pola emisión do po procedente do tránsito de vehículos pesados.

3.7.1.2.-Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan de cultivos, coas figuras



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

do planeamento vixentes do concello. O Concello de Castro de Rei, a través do seu representante na Xunta Local de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no *Título II: Normas Orgánicas da Lei de Concentración Parcelaria da Lei de Concentración Parcelaria*) velará polo cumprimento desta condición.

3.7.2.-Fase de obras e explotación.

3.7.2.1.-Límites da zona de concentración parcelaria.

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración que se axustarán ao contido dos documentos ós que se fai referencia no punto 3.8.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

3.7.2.2.-Servizos e servidumes.

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo. De acordo coa Lei de Concentración Parcelaria, as fincas resultantes terán acceso directo a algunha vía existente ou de nova creación.

3.7.2.3.-Deterioro de infraestruturas, instalacións e servizos.

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ao estado previo ao inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes afectados polo deterioro poidan levar a cabo.

3.7.2.4.- Uso sostible do territorio.

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sustentabilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario.

Na medida do posible procurarase que a delimitación, se é o caso, das novas parcelas se efectúe mediante plantación de sebes arboradas ou arbustivas, integradas por especies autóctonas existentes na zona. De non ser factible, atenderase ao sinalado no punto 3.2.7.3. da DIA respecto dos muros ou valados de pedra.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá ser axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no estudo de impacto ambiental e nesta DIA e procurando un aproveitamento racional e sostible das parcelas. O deseño do plan de cultivos terá en conta os impactos que os cambios de usos do solo poidan ter no territorio, en especial, a transformación de terreo forestal en terreo agrícola; co fin de evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar á rede fluvial. En todo caso, atenderase as posibles limitacións ou obrigas legais en canto ao acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa vixente e respecto dos elementos e áreas sensibles indicados no punto 3.2.7.1.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DILIXENCIA: Para que se coñeza e exacta do seu contido
Santiago, 07 de Maio de 2011.

Asdo.: José Manuel Mirás Pulteiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



3.8.-PLAN DE SEGUIMIENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL

3.8.1.-Fase de formulación.

3.8.1.1.-Patrimonio cultural.

En relación á protección do patrimonio cultural remitiranse os seguintes informes á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a documentación avaliada.

- Previamente a cada proxecto de execución que integra a concentración parcelaria (Proxectos de Rede Viaria, de Acondicionamento de Fincas e Proxectos de Obras Complementarias, se os houbese) e sempre con anterioridade ao inicio das obras, o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración, asinados por un técnico competente na materia.
- Unha vez que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural teña informado sobre os documentos aos que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito do proxecto deberase realizar un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborárase un Proxecto Arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.


3.8.1.2.-Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental.

Redactarase un novo programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ó longo da fase de formulación e todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O devandito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no Estudo de Impacto Ambiental e no condicionado da Declaración, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido, permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:



O proxecto de cada unha das actuacións deberá ter a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración e deberá designarse un responsable do cumprimento da mesma.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253


- Todas as medicións e/ou analíticas do programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Fixaranse para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os limiares, (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicarao a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No Programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** a redactar, incluírase un “*Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe*”, coas medidas de control propostas, para o mesmo, no Estudo de Impacto Ambiental presentado e engadindo aquelas derivadas do informado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza; no que se refire á incidencia das obras sobre a calidade das augas superficiais. Concretará as analíticas de augas a realizar, puntos de mostraxe e frecuencia, seleccionando puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo da zona afectada, incluíndo nestas analíticas os parámetros que marca a lexislación vixente para o control da calidade das augas.

3.8.1.3.-Órganos a informar e documentación a remitir.

Previamente ao inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta DXCACC, para a súa avaliación o Proxecto de Camiños e Obras inherentes, o Proxecto de Acondicionamento e o Proxecto de Obras Complementarias (se o houbese). Nos proxectos remitidos recollerase unha análise das alternativas estudadas ao respecto e contará un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas no EIA así como todas as cuestións derivadas do cumprimento das condicións desta DIA, incluíndo delimitación do perímetro modificado (se fose o caso), zonas de exclusión, superficie real de ocupación dos camiños, descrición das obras de drenaxe transversal a executar, necesidade de utilización de explosivos, proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental.

No caso de que a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados poderán presentarse de forma que contemplan o total das obras ou que contemplan as obras realizadas en cada fase (un proxecto por fase).

Así mesmo, lembrar que tal e como se recolle nesta DIA, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma e completarán a tramitación ambiental da concentración parcelaria:



- Programa de Vixilancia Ambiental, que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.

Asdo.: José Manuel M. Balleiro
DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253



- Proxecto de Integración Paisaxística.
- Proxecto arqueolóxico das obras que se van realizar (Avaliación de Impacto Cultural).

3.8.2.- Fase de obras, informe final de obras e fase de explotación.

3.8.2.1. Programa de Vixilancia Ambiental.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de **Vixilancia e Seguimento Ambiental** ó que se fai referencia ó longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ó disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

Durante a fase de replanteo das novas fincas e colocación dos marcos non será necesario a realización de ningún informe de **Vixilancia e Seguimento Ambiental**.

Durante a fase de execución de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

a) Semestralmente:

- Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA, incluíndo:
 - Os resultados dos plans de seguimento do control da calidade das augas e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico.
 - Control da presenza de parellas reprodutoras de aves de interese.
 - As actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados no punto 3.1.1.1, etc.
- Na memoria a realizar detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra e sobranceiros de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1.1.1 da DIA.

Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA
fotocopia e reprodución fiel e exacta

Santiago,

07 MAR 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulteiro

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253

b) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA.
- Descrición detallada do estado final das obras realizadas, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e ós labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ó longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.
- Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese sinaladas no punto 3.1.1.1 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indícarase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

Se durante a realización do programa de **vixilancia e seguimento ambiental** ó que se refire esta DIA se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou nesta DIA, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas para emendalas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicaráo a esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Tendo en conta os resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.



Santiago,

07 MAR. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro



4.- PROPOSTA

Examinada a documentación que constitúe o expediente, este Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos considera que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran, ademais das condicións incluídas no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, as que se recollen ao longo deste documento, tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente proposta de DIA, prevalecera o disposto nesta última.

O Xefe do Servizo de Avaliación
Ambiental de Proxectos

Manuel Díaz Cano

Conforme
O Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

Visto todo o que antecede, esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, **RESOLVE** formular a declaración de impacto ambiental favorable para o proxecto, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar condicionados adicionais aos anteriores.

Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente, deberáselle notificar previamente a esta secretaría xeral, quen o avaliará e decidirá sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso se procede ou non modificar a declaración ou iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

O órgano substantivo deberá notificar a esta secretaría xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

Esta declaración farase pública a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos oportunos.


Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2017

A Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Maria Cruz Ferreira Costa

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

ANEXO I



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente
fotocopia é fiel e exacta do seu orixinal

Santiago,

07 MAR. 2017

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. TRIABÁ.
CLAVE: 2011/0253